



ACTA DE CONSTITUCION DA MESA PARA A CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRO DE "GASOLEO A" PARA ABASTECER OS VEHÍCULOS E MÁQUINAS DO PARQUE DE MAQUINARIA DO CONCELLO.

Na Casa Consistorial do Concello de Tui e ás doce horas e trinta minutos do día 7 de agosto de 2014, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, presidida por D. Moisés Rodríguez Pérez, actuando como vogais, o interventor do concello D. Aitor Iglesias Monzón, a secretaria acctal. do concello Dª Mª Jesús Blanco Martínez, o concelleiro de facenda e patrimonio D. Marcelino E. Cendón Vázquez, actuando de secretaria da Mesa a funcionaria Dª Carmen López Villar.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Tui en sesión celebrada o 19 de xuño de 2014, acordou aprobar a contratación de subministro de "Gasóleo A", cun orzamento total de licitación de 73077,38€, impostos incluídos, de conformidade co prego de cláusulas administrativas e prescricións técnicas, que tamén se aproba.

Publicado anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia e Perfil do Contratante con data 17 de xullo 2014, rematado o prazo de presentación de propostas, se presenta á licitación unha única empresa:

R.E. nº 6499 de 01/08/2014.- Cepsa Comercial Noroeste, S.L., con enderezo en avda. Reyes Leoneses, 14- 5ª planta, edificio Europa, cp 24008 León.

Comprobados os documentos aportados pola única empresa presentada á licitación a Mesa de Contratación acorda admitila e proceder á convocatoria para apertura da proposta económica, en acto público, o vindeiro martes día 12 de agosto, ás nove horas.

De seguido se estende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretaria, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.

O ALCALDE

Asdo: Moisés Rodríguez Pérez

A SECRETARIA DA MESA

Asdo. Carmen López Villar.

VOGAIS:

O INTERVENTOR

A SECRETARIA ACCTAL.

Asdo: Aitor Iglesias Monzón.

Asdo: Mª Jesús Blanco Martínez.

O CONCELLEIRO DE FACENDA E PATRIMONIO

Asdo. D. Marcelino E. Cendón Vázquez

